



CONCELLO DE CHANTADA

Expdte: 172/2023

DECRETO POLO QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NA CONVOCATORIA PARA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN POR UN PERÍODO DE 4 MESES, DE DOUS/AS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL EN 2023.

Vistas as solicitudes presentadas para participar na convocatoria de selección para a contratación por un período de catro meses, de dous/as auxiliares de policía local en 2023 neste Concello de Chantada, en réxime de persoal laboral temporal, polo sistema de oposición, cuxas bases foron publicadas no BOP nº 116 de data 23/05/2023, Taboleiro de Edictos do Concello, páxina web municipal, diario "El Progreso," sede electrónica e páxina web.

De conformidade coas bases aprobadas xunto coa convocatoria por Resolución da Alcaldía, de data 17/05/2023 e en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Excluir de forma definitiva o aspirante don Adrián García Costoya por haberlle requerido documentación e non aportala. Así mesmo a don Javier Quinte Pérez por presentar a solicitude fora de prazo.

SEGUNDO.- Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes na citada convocatoria:

ADMITIDOS/AS:

APELIDOS, NOME	D.N.I.	OBSERVACIONES
Fernández Ledo, Noé	...806-M	
González Saa, Raúl	...139-Q	
Rodríguez Baeza, Irma	...014-W	
Rodríguez Corral, Andrea	...192-D	
Ulloa Fernández, Jesús	...138-F	
Vázquez Pacheco, Bryan	...552-K	

TERCEIRO. A composición do **Tribunal calificador** é a seguinte:

Presidente:

D. Marcos Vázquez Expósito, Oficial Xefe da Policía local de Chantada. Suplente, Dona Susana Martínez Rodríguez, Técnica de xestión do Concello de Chantada.

Vogais:

D. D.Manuel Blanco Figueiras, Policía local do Concello de Chantada. D. Segundo Navaza Blanco, funcionario do concello de Chantada.

CONCELLO DE CHANTADA

Paza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org





CONCELLO DE CHANTADA

Dona María Luisa García Rodríguez, bibliotecaria do Concello de Chantada. Suplente, D. José Manuel Otero Castiñeira, funcionario do concello de Chantada

D. Emilio Vázquez Guerra, Policía local do Concello de Chantada. Suplente: Dona luz Pérez Fernández, A.D.L do Concello de Chantada.

Secretario:

D. Julio Antonio Cuñarro Taboada, funcionario do Concello de Chantada. Suplente: Dona Sonia Pardo Albor, Administrativa do Concello de Chantada.

O Tribunal deberá constituirse as once horas do día de inicio das probas, no lugar de realización da primeira proba, levantándose acta da súa constitución.

CUARTO. Convocar o tribunal e aspirantes para o próximo luns, día 12 de xuño actual, ás dez horas na Casa da Cultura desta Vila, para dar comezo e realizar:

1º.- EXAME: probas de coñecementos.

2º.- EXAME: Os aspirantes que resulten aptos, tras superar a proba anterior e que necesiten realizar a proba de coñecementos do idioma galego, realizarán a continuación as probas que considere o Tribunal calificador.

3º.- EXAME: Os aspirantes que resulten aptos, tras superar as probas anteriores deberán asistir á celebración do seguinte exame que consistirá nas probas físicas, a celebrar **o mércores, día 14 de xuño ás 11:00 horas no Campo de fútbol "SANGOÑEDO" de Chantada.**

QUINTO. O Tribunal calificador determinará as probas para realizar polos aspirantes de conformidade coas bases, así como o lugar, a data e a hora do realización das mesmas, debendo presentar os aspirantes a documentación identificativa oficial correspondente. A non comparecencia do aspirante determinará a súa automática exclusión do proceso de selección.

SEXTO.-. Contra este acto resolutorio procede recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, computándose tales prazos para partir do día seguinte ao da notificación ou publicación procedentes, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen oportuno. No caso de interpoñer recurso de reposición, non se poderá interpoñer recuso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciu a desestimación presunta do recurso interposto.

SETIMO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de edictos, páxina web municipal e comunicala os membros do tribunal.

CONCELLO DE CHANTADA

Paza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org





CONCELLO DE CHANTADA

En Chantada, a data da sinatura electrónica.

O Alcalde,
Asdo.: Manuel L. Varela Rodríguez.

Ante min: O Secretario.
Os solos efectos de fe pública
Asdo.: Fernando Torre Comesaña.

CONCELLO DE CHANTADA

Paza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org

Cod. Validación: PM6DAD15ZYHCS5YCN5X4ZP5A4
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

